

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
REXISTRO XERAL

SAÍDA Nº 015

DATA: 22/01/2025

Estimada Conselleira,

Nos últimos anos vense dando unha situación que nos preocupa especialmente dentro do noso colectivo e que dende esta Federación Galega de Caza (FGC) consideramos ten relevancia moito máis alá da nosa actividade: a falta de remuda xeracional entre as persoas cazadores. Esta situación, que a priori pode parecer un feito que preocupe só a quen estamos vencellados con esta actividade ancestral, de seguir por este camiño vai ter repercusións moi importantes no conxunto da sociedade e plantexar un gran desafío para a administración.

A modo de exemplo desta importante caída do número de persoas que practicamos o deporte da caza, sinalar que na década dos 90 había máis de 100.000 cazadores e cazadoras, supoñendo un 4% da poboación total da nosa comunidade. No ano 2023, este número reduciuse ata 34.322, supoñendo tan só un 1,3% dos galegos e galegas. Entre 1990 e 2010 o número de persoas que practican este deporte reduciuse á metade, e a tendencia do último lustro indica que nun período de 15 anos o total de persoas cazadoras non superará os 20.000.

Isto débese loxicamente a que o número de persoas que cada ano se incorporan a esta actividade (238 no 2023) é moi inferior a aquelas que a abandonan, maioritariamente por motivos de idade (1239 no 2023). A media de idade daqueles e aquelas que practican o deporte cinexético actualmente é de 54 anos, o que denota a necesidade de incorporar a novas xeracións implicadas con esta actividade que non só é un deporte ou unha paixón para quen o practican, senón un beneficio para toda a sociedade galega.

Este beneficio é inestimable en moitos casos, como mediante esa labor de conservación do medio natural que realizan os cazadores e cazadoras, que é extremadamente difícil facer ver á sociedade -cando non é directamente silenciada ou minorada por aqueles que critican esta actividade-, pero en outros é perfectamente visible a través dos datos: canta menos cazadores e cazadoras hai, maior é o número de sinistros producidos por especies cinexéticas nas estradas. Sirva como exemplo desta tendencia que entre 2010 e 2024 triplicouse o número de accidentes causados polo xabaril nas estradas galegas (de 1.237 a 3.581 segundo datos aportados pola Dirección Xeral de Tráfico) mentres que nese mesmo período se reducía nun terzo o número de persoas cazadoras (de 51.537 a 34.322 segundo datos aportados pola súa Consellería). Esta correlación entre o número de practicantes do deporte cinexético e unha maior sinistralidade non se trata dunha casualidade, senón que se ven apreciando dende hai máis dunha década.

Son moitos outros aspectos nos que o colectivo cinexético beneficia á sociedade no seu conxunto, como son as recollidas de lixo e limpeza dos nosos montes, así como súa permanente vixilancia redonda, por exemplo, na prevención dos incendios forestais. Este último ven referendado polo convenio de colaboración que a FGC ven asinando anualmente coa Consellería do Medio Rural.

Por outra parte a actividade cinexética nas súas diferentes especialidades é o deporte máis practicado no rural galego e a actividade lúdico-deportiva máis practicada, con moita diferenza, por persoas de maior idade. Esta afirmación pode comprobarse facilmente no feito de que a Federación Galega de Caza é a segunda federación deportiva galega en número de federados (despois do fútbol) e de que en todos e cada un dos concellos galegos hai polo menos unha sociedade cinexética federada; extremo que nin o fútbol -deporte maioritario- chega a alcanzar. Esta actividade redonda en incontables beneficios para quen a practicamos, non só pola satisfacción de exercer a nosa afección senón tamén polos beneficios que reporta para a saúde das persoas.

En definitiva, consideramos que a sociedade galega no seu conxunto ten unha débeda co colectivo de cazadores, polo que dende a FGC queremos propoñer unha serie de medidas e iniciativas que consideramos poden compensar este desequilibrio:

### **Licencia de caza gratuíta para todos os galegos e galegas**

Cada persoa cazadora xa está obrigada a facer un gasto importante para practicar a súa actividade (equipamento, seguro, mantemento de armas e cans, etc.), polo que aliviarlle os máis de 30€ que debe abonar pola súa licenza de caza de Galicia suporía un incentivo. Este importe, ao igual que a matrícula dos Tecores, supón para a administración un ingreso moi pouco relevante, pero é moi significativo para calquera persoa de a pé, especialmente para a mocidade. Esta medida xa se está a levar a cabo en comunidades autónomas pioneiras en xestión da caza como Castela León ou Castela A Mancha.

### **Exención do pago da matrícula anual aos Tecores**

De media, un Tecor galego paga arredor de 650€ anualmente só nas taxas pola matrícula. Trátase dun ingreso moi pouco relevante para a administración pero importante para unha grande parte dos Tecores, sobre todo os máis pequenos, que ademais deben facer fronte a custosos seguros de responsabilidade civil.

### **Subvención plana para tódolos Tecores (Terreos con Réxime Cinexético Especial)**

En función da superficie total dos Tecores propoñemos unha axuda de 1€ por hectárea para inverter no medio, o que supón unha axuda proporcional e equitativa segundo as necesidades de cada Tecor.

### **Axuda directa á persoa cazadora por xabaril abatido**

Cada persoa cazadora gasta unha media anual de 4.763,58€<sup>1</sup> para poder practicar a caza e, se ben esta é unha actividade que se practica como afección, e por propia iniciativa, o certo é que a persoa cazadora está a inverter do seu propio peto na sostibilidade da caza e do medio natural. Propoñemos, polo seu beneficio á comunidade, unha axuda de 50€ a cada persoa por xabaril abatido para o mantemento dos seus cans, armas, equipamento, etc. Este importe é considerablemente inferior ao custe estimado da contratación dun servizo profesional para a caza do xabaril ou a aplicación doutras iniciativas de dubidosa eficacia como a esterilización de exemplares ou a extracción en gaiolas e capturadeiros.

### **Facilitar o acceso ás probas do exame do cazador**

A proba necesaria para converterse en persoa cazadora en Galicia non debería ser unha barreira, senón unha porta de entrada ao mundo cinexético. Neste sentido, propoñemos facilitar o acceso á proba, permitindo a realización da proba en formato telemático como xa se fai en comunidades autónomas como Aragón, así como levar a cabo cursos de formación para que as futuras persoas cazadoras cheguen suficientemente preparadas ao exame e o poidan superar sen problemas.

### **A emerxencia cinexética, en consenso co colectivo cinexético**

As persoas cazadoras son, en última instancia, o brazo executor dunha emerxencia cinexética, e por propia vontade, dado que caza é unha actividade que se realiza por paixón, por tradición e por convicción, non por obrigación. Sen embargo, polo colectivo cinexético está a fluír unha sensación de que estas emerxencias cinexéticas están a obrigar aos cazadores e cazadoras a saír ao monte a cazar xabarís, sen consenso, sen planificación e sen compensación, e a pesar de que non é o seu traballo. Actualmente a Xunta está a declarar a emerxencia cinexética por plena iniciativa, sen consensuar as causas, as condicións nin as consecuencias co colectivo cinexético, os maiores coñecedores da situación do xabaril nos montes galegos, polo que propoñemos que sexa a Federación Galega de Caza, como principal representante das persoas cazadoras galegas, unha parte importante e respectada na planificación da emerxencia cinexética.

<sup>1</sup> \* Dato obtido do Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da caza en Galicia (FGC, 2012), actualizado coa inflación a setembro de 2024



Federación Galega  
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



A maiores destas demandas que consideramos necesarias como compensación e como axuda a incentivar unha remuda xeracional no mundo da caza, aproveitamos para reiterarlle estas outras que está a reclamar o noso colectivo:

#### **XESTIÓN DO LOBO**

Que se realicen todas as xestións necesarias e oportunas para a eliminación do lobo do listado de especies silvestres en réxime de protección especial (LESRPE) e que estableza un programa para a xestión da especie acorde ás necesidades do noso entorno.

#### **RECUPERACIÓN DA CAZA MENOR**

Creación dun proxecto piloto para a recuperación da caza menor en Galicia, con melloras de hábitat e control de predadores.

Conselleira, sabemos do seu compromiso co noso colectivo e agradecemos sempre que defendese a caza alá onde foi preguntada, pero consideramos que esta postura debe facerse tanxible, cara nós e cara toda a sociedade, con medidas, iniciativas e axudas concretas que fagan ver que os cazadores e cazadoras non só somos unha parte importante da sociedade senón tamén unha importante e desinteresada axuda para moitos problemas que afectan ao noso medio natural, e non os causantes como en moitas ocasións se quere facer ver.

Agardando a súa resposta, aproveito para saudala cordialmente e reiterar todo o noso aprecio e consideración,

Asdo.: Luis Eusebio Fidalgo Álvarez  
PRESIDENTE